

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C-P-I- PLURILINGÜE “FONTE DÍAZ”

CURSO: 4º E.S.O.

MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA

DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA

DATA: 12 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
PRIMEIRA AVALIACIÓN	
O Antigo Réxime	Identifica os trazos básicos da economía do Antigo Réxime
	Valora a organización social estamental.
	Analiza a xustificación teórica do poder absoluto dos monarcas.
A Ilustración.	Comenta as transformacións intelectuais introducidas polo movemento da Ilustración.
	Identifica os principais grupos e institucións difusoras das ideas ilustradas.
	Nomea as institucións ilustradas galegas e as súas principais propostas.
Coñecer as realizacións máis salientables dos primeiros monarcas da dinastía de Borbón en España.	Valora as reformas ilustradas de Carlos III.
Describir os trazos básicos que caracterizan o liberalismo.	Describe os trazos básicos que caracterizan o liberalismo.
	Explica as causas da independencia de EE UU.
Explicar as causas da Revolución francesa, coñecer os trazos máis significativos das súas fases e identificar os trazos da política exterior e interior do Imperio napoleónico.	Explica as causas da Revolución francesa.
	Elabora un eixe cronolóxico coas datas e fases da Revolución francesa.
	Identifica os principais acontecementos e medidas da época do Imperio napoleónico.
	Explica as circunstancias do inicio da guerra contra os franceses e da revolución liberal en España.
Analizar os cambios introducidos pola revolución industrial, valorando o impacto das transformacións.	Describe e valora as principais transformacións da revolución agraria.
	Analiza e comenta os cambios nos sectores punteiros da revolución industrial.
Describir os trazos do capitalismo e a nova sociedade de clases	Explica as características da sociedade de clases.

Coñecer os principios da Restauración absolutista e os intentos revolucionarios que se lle opuxeron.	Analiza e comenta o mapa resultante do Congreso de Viena.
	Identificar os principais acontecementos das vagas revolucionarias de 1820, 30 e 48.
Coñecer e valorar o enfrontamento entre absolutismo e liberalismo durante o reinado de Fernando VII e o proceso de independencia das colonias españolas en América.	Describe a ideoloxía dominante nos diferentes períodos do reinado de Fernando VII.
	Explica as circunstancias que favoreceron os procesos de independencia das colonias españolas de América.
Identificar os trazos básicos da evolución política, económica e social do reinado de Sabela II.	Caracteriza os bandos enfrontados nas guerras carlistas.
	Describe a tendencia dominante nos diferentes períodos do reinado de Sabela II.
Diferenciar e analizar as etapas políticas do Sexenio democrático.	Identifica e describe os diferentes réximes políticos durante o Sexenio.
	Sintetiza as características das diferentes posicións dos republicanos durante a Primeira República.
Identificar os trazos do nacionalismo e coñecer o proceso de formación de novos estados en Europa.	Diferenza os tipos de nacionalismo do século XIX.
	Sintetiza os procesos de formación dos novos Estados de Italia e Alemaña e analiza os mapas da evolución da súa formación.
Coñecer e diferenciar as primeiras formas de organización e protesta proletaria, así como os trazos básicos do marxismo e do anarquismo valorando a súa incidencia no movemento obreiro	Describe as primeiras formas de protesta obreira.
	Coñece os principios teóricos do marxismo e do anarquismo e valora a súa influencia no movemento obreiro.
<b>SEGUNDA AVALIACIÓN</b>	
Identificar avances científicos, técnicos e organizativos da segunda revolución industrial, así como os seus trazos característicos.	Identifica os trazos característicos da segunda revolución industrial.
	Describe e valora os novos métodos de traballo e de organización empresarial.
Analizar as principais causas e consecuencias da revolución demográfica.	Explica as principais razóns que explican o crecemento demográfico do século XIX.
	Enuncia as causas do éxodo rural e da emigración no século XIX.

Identificar as causas e consecuencias da formación dos imperios coloniais.	Identifica e describe as causas da formación dos imperios coloniais. Valora os acordos dos Congreso de Berlín de 1885.
Describir os feitos máis significativos dos reinados de Afonso XII e Afonso XIII.	Define os trazos básicos do sistema canovista.
	Identifica e describe os acontecementos máis destacados do período da Restauración borbónica. Identifica os elementos de control e poder dos caciques galegos.
Coñecer e valorar os rexionalismo e nacionalismos periféricos españois da época da Restauración.	Describe as causas do nacemento dos nacionalismos periféricos en España. Caracteriza os trazos e a evolución do galeguismo e busca na rede imaxes e textos relacionados.
Explicar as causas e consecuencias da Primeira Guerra Mundial.	Explica as causas da Primeira Guerra Mundial e valora as magnitudes do conflito e as súas consecuencias.
Identificar os puntos clave do proceso revolucionario ruso e da formación do Estado soviético.	Explica a situación da Rusia tsarista e valora os seus trazos no estoupido da revolución de 1917. Coñece os aspectos máis destacados da organización do Estado soviético con Lenin e Stalin.
Coñecer os postulados básicos do fascismo.	Describe e comenta os trazos básicos do fascismo. Explica e valora as consecuencias que se derivan da aceptación do principio de desigualdade entre os seres humanos.
Coñecer as características do nazismo.	Describe e comenta os trazos característicos do nazismo destacando os relacionados co antisemitismo e a súa relación co holocausto. Sintetiza o proceso de ascenso nazi ao poder en Alemaña. Comenta os trazos da Alemaña nazi e a súa fin
Comprender as causas do crac da Bolsa de Nova York e as consecuencias que dela se derivaron.	Identifica os factores que desencadearon o crac de 1929. Relaciona a crise neoirquina coa depresión mundial
<b>TERCEIRA AVALIAICÓN</b>	
Caracterizar a ditadura de Primo de Rivera, as súa evolución e fin.	Caracteriza as etapas do mandato de Primo de Rivera.

	Valora as forzas da oposición e a fin da ditadura.
Coñecer o contexto de proclamación da Segunda República e describir as súas etapas e principais realizacións.	Explica o contexto de proclamación da Segunda República.
	Analiza e valora as principais realizacións, así como as dificultades nas diferentes etapas da Segunda República.
	Comprende e valora as diferenzas entre ditadura e democracia.
Coñecer o contexto no que se iniciou e desenvolveu a Guerra Civil, así como as forzas que apoiaron aos dous bandos e as consecuencias da derrota republicana.	Enuncia as causas do inicio da Guerra Civil e describe o proxecto dos sublevados.
	Caracteriza a ideoloxía e forzas que apoiaron aos dous bandos enfrontados.
	Valora as consecuencias da Guerra Civil.
Identificar os trazos básicos da política, cultura e socioeconomía de España durante a ditadura franquista.	Enumera as razóns para considerar ditadura o sistema franquista.
	Describe os trazos políticos do franquismo e as súas consecuencias na orde internacional.
	Describe a evolución económica en Galicia durante o franquismo e o papel de emigración como fonte de divisas.
Comprender a división do mundo en bloques tras a fin da Segunda Guerra Mundial e definir as súas características.	Define o concepto de bipolaridade na Guerra Fría.
	Caracteriza os trazos do enfrontamento bipolar.
	Nomea os conflitos máis destacados da etapa e sintetiza as causas e consecuencias.
Caracterizar os trazos políticos, económicos e sociais das democracias liberais.	Define as características políticas e económicas dos réximes das democracias liberais e valora os avances relacionados co estado do benestar en Europa.
	Analiza e valora os movementos sociais e de protesta dos países do bloque occidental.
Caracterizar os trazos políticos, económicos e sociais das democracias populares.	Define as características políticas e económicas dos réximes das democracias populares.
	Define e valora as dificultades do bloque socialista e a crise do socialismo real.

Coñecer e valorar o proceso de descolonización.	Define o concepto de descolonización e sitúa o proceso no tempo e no espazo.
	Sitúa nun mapa mundi os novos países organizados segundo as fases da súa independencia.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> Durante o 3º trimestre avaliarase exclusivamente o traballo individual.
	<b>Instrumentos:</b> Os exames e demais actividades realizados durante os dous primeiros trimestres, e as actividades realizadas no caderno de clase ou dende a casa no terceiro. Para a avaliación das actividades non presenciais enviadas dende a casa no 3º trimestre terase en conta: <ul style="list-style-type: none"> <li>- A entrega puntual das tarefas propostas.</li> <li>- A claridade na expresión escrita.</li> <li>- A capacidade de interpretación, naquelas preguntas que o requiran.</li> <li>- Os coñecementos demostrados.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	Para a obtención da cualificación final atenderemos a tres supostos: <ol style="list-style-type: none"> <li>a) <b>Alumnxs que aprobaran a 1ª e 2ª avaliación.</b> A nota final será a media de ambas. Esta nota poderá incrementarse ata 1,5 puntos coas tarefas e traballos a realizar dende a casa no 3º trimestre. En todo caso a nota final nunca será inferior a media das dúas primeiras avaliacións.</li> <li>b) <b>Alumnxs con unha sola avaliación suspensa.</b> Deberán realizar as actividades propostas para recuperar esta avaliación. Estas serán cualificadas con un máximo de 5 puntos, e esta nota fará media coa da avaliación que tivese aprobada.</li> <li>c) <b>Alumnxs coas dúas avaliacións suspensas.</b> Deberán realizar actividades de recuperación das mesmas durante o 3º trimestre. Estas serán cualificadas con nota ata un máximo de 5 puntos.</li> </ol> O alumnado con avaliacións suspensas tamén poderá realizar as actividades do 3º trimestre propostas para o resto do alumnado, podendo incrementar así a nota final ata 1,5 puntos, sempre e cando a media das avaliacións que teña que recuperar sexa de 5 ou máis. Cando a nota media resultante conteña fraccións superiores ao medio punto, a nota definitiva será a do tramo inmediatamente superior (por exemplo, 5,7 = 6). A mesma norma rexerá cando a fracción sexa medio punto xusto.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Para o alumnado que non supere a materia en xuño haberá un exame na convocatoria extraordinaria de setembro, sempre e cando as autoridades non dispoñan outra cousa. Neste exame entrará exclusivamente a materia realmente impartida ata o día de suspensión das clases o 13 de marzo.



<b>Alumnado de materia pendiente</b>	NON HAI ALUMNXS COA MATERIA DE 4º PENDENTE
<b>Alumno con ACI</b>	<p>No grupo de 4º da ESO está escolarizado un alumno diagnosticado de trastorno do espectro autista (certificado de discapacidade do 49%), para o que se deseñou unha adaptación curricular.</p> <p>O alumno asistía ao colexio tres días á semana e recibía apoio fóra da aula por parte das especialistas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe durante sete horas.</p> <p>Para darlle continuidade ó seu proceso de aprendizaxe faranse adaptacións metodolóxicas e de avaliación, continuando co apoio e asesoramento das especialistas de PT e AL, especialmente no referido aos materiais máis idóneos para traballar dende a casa. Hai que ter en conta que o alumno necesita supervisión e axuda constante para realizar as tarefas e non queremos nin debemos sobrecargar á familia cunha responsabilidade docente.</p>

<b>1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	As actividades, tarefas e traballos que se realizarán durante o 3º trimestre serán de repaso, reforzo, recuperación e ampliación e todas contarán para a cualificación final.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Tendo en conta que todo o traballo se debe realizar a distancia e que non todo o alumnado conta coas mesmas facilidades de conexión, optamos por empregar de xeito preferente o correo electrónico como canle principal de comunicación para o envío de tarefas, as cales tamén se poderán seguir a través da aula virtual. Estas tarefas serán propostas semanalmente e realizaranse preferentemente no caderno de clase, e o alumnado enviará tamén cada semana o resultado do seu traballo. Ao remate de cada tema realizarase unha actividade final do mesmo que deberá ser remitida ao profesor no prazo máximo de 24h.
<b>Materiais e recursos</b>	Seguiranse os libros de texto dos diferentes cursos como material principal; o caderno de clase; e mapas, eixos cronolóxicos e recursos de internet.

<b>1. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O procedemento para informar ao alumnado e ás familias será a páxina web do centro, o correo electrónico e abalar móbil. Cando estes medios non sexan posibles recurrirase á vía telefónica.
<b>Publicidade</b>	Estas normas e criterios serán publicados na páxina web do centro.